

O NADAL



Equipo de Dinamización
da Lingua Galega
CEIP A MAÍA

POR UN NADAL NOSO!

A rica tradición oral galega relacionada co Nadal en Galicia vai máis alá do seu carácter relixioso. Para nós e como nós o trasladamos ao noso alumnado, ten un carácter exclusivamente cultural. Por iso durante o Nadal organizamos no noso centro unha serie de actividades para que se valorase e se coñecese como parte importante da nosa cultura nestas datas do ano. Queremos desde o Equipo de Dinamización e Normalización da Lingua compartir con vós como traballamos isto:

1º. Como en cada unha das actividades programadas polo noso equipo para este curso, o primeiro que propuxemos foi a elaboración do noso propio cartel para a celebración do Nadal. Nesta ocasión quixemos que fosen os propios alumnos/as os que o fixeran pero transmitíndolles a idea que como Departamento tiñamos en mente. Ademais decidimos que o propio cartel servise como felicitación de Nadal do centro.

- Cartel elaborado:



● Felicitación de Nadal:

Verbas para o tempo do Nadal

Agora é o tempo do Nadal.
Agora é o tempo de poñer
en pé o noso amor
e procurar a Estrela
que nos alume sempre o
corazón.

Agora é o tempo do Nadal.
O tempo da neve
e máis o da canción.

Agora é o tempo
de acender para sempre o noso
amor!

Manuel María



O CEIP A MAÍA DESÉXAVOS BO NADAL E UN VENTUROSO 2024!

A continuación pódense ver os 6 debuxos realizados polo alumnado de 6ºA de primaria para elaborar o cartel de Nadal. A partir do lema elixido polo EDLG "Por un Nadal noso", os nenos e as nenas comezaron a debuxar instrumentos, músicos, bailes...todo aquilo que tivera relación coa música tradicional galega no contexto das festas de Nadal. Estas creacións insertáronse nunha plantilla do programa de infografía "Canva", seleccionada entre todo o grupo. Dentro desta aplicación, os elementos que se escolleron foron unha bóla de Nadal, unha pandeireta e unhas figuras musicais; obtendo así o resultado final do cartel de felicitación.



- **2º. Aportouse desde o Departamento de Dinamización e Normalización da Lingua ao profesorado información sobre a tradición oral en Galicia durante o Nadal para traballar nas titorías. A proposta consistía en que os titores e titoras lles desen aos alumnos/as unha breve información sobre estas tradicións sen entrar en cuestións que tiveran que ver coa relixión cristiá.**

- **3º. Para Infantil e o 1º Ciclo aportóuselles material solicitado do Museo do Pobo Galego (MPG) sobre O CICLO FESTIVO. Aquí podían atopar actividades para facer sobre o Nadal co alumnado.**

- **4º. En coordinación co Departamento de Música e Danza:**

Ambientación musical durante o mes de decembro. *En coordinación co Equipo TIC.

Na Aula Virtual e dentro da materia de Música e Danza, podíase atopar un tema sobre o Nadal elaborada polos mestres especialistas de música e danza do centro, Anxo e Mercedes Blanco, para os distintos niveis tanto de Infantil como de Primaria. Aí había cancións e audicións alusivas ao tema para poñer nas distintas aulas ou disfrutar na casa. No caso do terceiro Ciclo na propia plataforma dixital.

Nas clases de Música e Danza de Primaria os nenos e nenas escoitaron e cantaron algunha cantiga de Nadal: panxoliña ou canto de reis.

- **5º. En coordinación co Equipo da Biblioteca:**

Elaboración por parte do alumnado dunha postal cun texto, para felicitar estas datas.

O texto debía ser en lingua galega e de decoración libre. Foron elixidas unha por cada ciclo por parte dun xurado que estivo formado por mestres/as dos Equipos da Biblioteca e de Normalización Lingüística. Aos alumnos/as premiados se lles agasallou cun libro en lingua galega.

- Exposición das postais:



- 6º. Realizouse tamén unha exposición de libros e CD,s sobre a temática do Nadal en galego, no primeiro andar do edificio de Primaria que se ambientou para que o alumnado por clases, fose ir alí mesmo velos. Esta exposición tiña por obxecto, amosar tamén a importancia das cantigas e a tradición oral e Galicia, como anteriormente xa se mencionou neste mesmo artigo. Completouse tamén coas postais elaboradas polo alumnado. A idea é que fose un sitio acolledor e distinto da aula no que disfrutar deste tempo de Nadal. Así por exemplo para o alumnado de Infantil e do corredor de abaixo foi unha sorpresa chegar e atoparse con este espazo, cheo de luces, decorado e ambientado.

- **Exposición:**



*Un Nadal
noso!*











E agora a preparar a vindeira celebración!

Firmado:

O Equipo de Dinamización e Normalización da Lingua Galega.